

Pecio da Albufereta.

Na costa da cidade de Alicante, resgardada polo Cabo de las Huertas, atópase a baía da Albufereta, unha pequena enseada de augas tranquilas, como as que Vitrubio recomenda para instalar portos.

Nos seus fondos areosos existen numerosos restos arqueolóxicos, probas do tránsito de embarcacións de diversas procedencias e épocas.

Entre os obxectos cotiáns da tripulación, foi descuberta unha grande cantidade de fragmentos de ánforas romanas, da tipoloxía Dressel 20, destinadas ao transporte do aceite elaborado nas beiras do Guadalquivir.

Tratábase dun naufraxio do século primeiro.

Outras pezas de cerámica, de diversas orixes, situadas na zona do pecio, delataban que os restos do navío bético se atopaban nunha área portuaria.

Entre a area, eran visibles densos feixes de pólas de viña, que eran empregadas na antigüidade para amortecer os golpes e protexer o cargamento durante a viaxe.

Ao ser descubertas, as ánforas máis superficiais presentaban unha cobertura de epífitos e moitas delas estaban xa rotas. Sen embargo, había outras pezas, case intactas, que mesmo contiñan aínda os restos do aceite que transportaban.

O pecio conserva en bo estado elementos fabricados con materiais orgánicos, pouco habituais nos restos arqueolóxicos descubertos en terra, como cabos, esteiras, redes e palla. E, lóxicamente, as madeiras do barco.

A investigación arqueolóxica iníciase coa delimitación do espacio do pecio, mediante a colocación dunha cuadrícula feita con fíos e fixada ao fondo, empregada para sinalizar, organizar e rexistrar a escavación.

Despóis, mediante o emprego de mangas de succión, foise desenterrando o xacemento. Xa eran visibles as ánforas do cargamento.

Apareceron lingotes de cobre de forma circular, que os arqueólogos debuxaron, fotografaron e extrairon, ao igual que o resto de elementos do xacemento. Finalmente, foi visible o casco da nave.

Foron identificados e sinalizados minuciosamente todos os elementos da arquitectura naval do barco para realizar o seu estudo baixo a auga, tomando centos de fotografías de detalle.

Os restos arqueolóxicos foron extraídos da auga mediante o emprego de globos elevadores.

Xa en terra, como fase final do proceso de investigación, os materiais débúxanse, tratáanse e estúdanse. Os restos do casco da nave repousan no fondo mariño da baía da Albufereta á espera de novas actuacións...